



BOLETÍN MENSUAL

MAIO 2018

APE GALICIA

- ✓ OS ALUMNOS DO CURSO DE AFD E POEX REALIZAN UNHA VISITA DIDÁCTICA PROGRAMADA POR APE GALICIA.
- ✓ O PLAN REPENSA II COMEZA CON ÉXITO NA SÚA PRIMEIRA XORNADA PARA EMPRENDEDORES.
- ✓ AS ALUMNAS DO CURSO DE AFD COMEZAN AS PRÁCTICAS NON LABORAIS.

INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

- ✓ O DOG PUBLICA AS BASES QUE REXERAN AS AXUDAS PARA AMPLIAR A REDUCCIÓN DAS COTAS DA SEGURIDADE SOCIAL PARA A CONSOLIDACIÓN DO TRABALLO AUTÓNOMO.
- ✓ O DIARIO OFICIAL DE GALICIA PUBLICA ESTE MES UNHA ORDE QUE ESTABLECE AS BASES PARA AS AXUDAS Á CONCILIACIÓN POR MATERNIDADE OU PATERNIDADE DA PERSOA TRABALLADORA AUTÓNOMA.
- ✓ O MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL PUXO EN MARCHA UNHA CONSULTA PÚBLICA PARA REGULAR A REPRESENTATIVIDADE DOS AUTÓNOMOS.

OS ALUMNOS DO CURSO DE AFD E POEX REALIZAN UNHA VISITA DIDÁCTICA PROGRAMADA POR APE GALICIA.

No mes de abril APE Galicia programaba unha visita didáctica para os alumnos dos cursos que se están a desenvolver na asociación. O 3 de maio os alumnos das accións formativas de “Mercadotecnia e compravenda internacional” e “Xestión administrativa e financeira do comercio internacional” encamiñábanse ás nove da mañá cara Santiago xunto co presidente da asociación José Ramón Caldas, a secretaria técnica, a xestora de formación e a titora de ámbolos dous cursos.

A primeira parada fíxose no IGAPE onde nos recibiu Juan Feijoo Casanova, Xerente da Oficina do Igape da área de internacionalización. Este explicoulles ós nosos alumnos o funcionamento do Igape e como esta organización axudaba ás empresas a abrirse camiño co seu negocio en outros países, así como das axudas que dispoñibles ás que estas podían optar. Continuou contando algunhas das súas experiencias para poñer en coñecemento do alumnado as dificultades coas que se poden atopar en este ámbito e tamén para facerlles ver que este traballo tamén pode ser apaixonante. Rematou resolvendo dúbidas dos participantes e poñéndoos en coñecemento das bolsas de prácticas ás que poden optar no Igape para facérense uns expertos na materia. A reunión alongouse máis do previsto, cousa que agradecemos todos dado o interese da charla e o amena resultou.



FOTO 1: Membros de APE Galicia xunto a Juan Feijoo e algúns dos alumnos dos cursos no IGAPE.

Á unha da tarde poñíamnos rumbo a Narón para facer unha parada para xantar. Puidemos desfrutar dunha exquisita comida en Casa Juanito, restaurante moi coñecido na zona tanto polo bo servicio como polos variados e saborosos pratos. Acompañounos na comida a Vicepresidenta de APE Galicia, Ana Prego e o dono da nosa próxima visita Cándido Hermida.

Á redor das 4 da tarde entrábamnos nas instalacións de Cándido Hermida. Recibíronnos as Delia Ares e Mercedes Pérez pertencentes ó departamento de recursos humanos da empresa. Primeiramente reuníronnos nunha sala para facernos unha breve introdución dos inicios da empresa, o seu percorrido e o seu funcionamento. Tras a resolución de dúbidas e preguntas por parte dos nosos alumnos, dirixíronnos á sala de exposicións. Nesta puidemos ver algúns dos traballos máis recoñecidos da empresa así como desfrutar de verdadeiras obras para grandes empresas como LOEWE ou MICHAEL KROS. Para rematar, leváronnos á zona de taller, para explicarnos todo o proceso polo que pasa cada deseño, a organización, e o máis importante para os nosos alumnos, como se xestiona o proceso de exportación a outros países.

Esta última visita tamén se alongou máis do previsto, pero foi un verdadeiro desfrute, polo que lles estamos moi agradecidos a empresa polo seu tempo e dedicación. Os alumnos quedaron encantados con ámbalas dúas citas e viñeron para a casa con máis ganas de seguir especializándose na área.



Foto 2: Membros de APE Galicia xunto a Cándido Hermida e algúns dos alumnos dos cursos.

O PLAN REPENSA II COMEZA CON ÉXITO NA SÚA PRIMEIRA XORNADA PARA EMPRENDEDORES.

O PLAN REPENSA comezaba este ano 2018 facendo coñecedora a cidade de Pontevedra da grande iniciativa que, dende 2016, ven desenvolvendo APE Galicia da man do Concello de Pontevedra en prol do comercio local.

Os carteis co emblema “ HAI UNHA CADEIRA BALEIRA PARA TI” percorreron todos os recunchos da cidade e dous stands informativos solventaron as dúbidas dos veciños no concello e na praza da Peregrina.

Os xornais máis importantes da provincia tamén deixaron un oco nas súas follas para dar a coñecer a iniciativa e entrevistaron a algúns dos comercios participantes no Plan Repensa dada a importancia que este proxecto ten para a cidade de Pontevedra.

O pasado 29 de maio realizouse a primeira charla programada dentro do plan. Esta ía dirixida expresamente ó colectivo dos emprendedores que mostraron o seu interese por participar na iniciativa.

A conferencia entrábase principalmente nas distintas axudas ás que os novos emprendedores podían optar e a exposición dos distintos locais que proximamente pecharan as súas portas, na maioría dos casos por xubilación. Para que os participantes puidesen ollar máis de preto o que se lles explicaba, repartíronse 2 catálogos: un de axuda o emprendemento e outro coa relación de negocios dispoñibles para seren relevados.

Na charla puidemos contar coa presenza do Presidente de APE Galicia e coa Axente de Desenvolvemento Local do concello de Pontevedra, Esther Cuesta; pero esta foi dirixida principalmente pola avogada Luisa Rivas, asesora xurídica de APE Galicia na provincia de Pontevedra, e por Sonia Acuña, secretaria técnica da asociación.

A próxima reunión será cos donos dos negocios participantes no programa para explicarlles o proceso do relevo xeracional entre outras cuestións de interese para o colectivo. Esta está prevista que se celebre o 5 de xuño e esperase que acudan todos agás imprevistos.



FOTO 3: Presentación do Plan Repensa II. De esquerda a dereita; O presidente José Ramón Caldas, Luísa Rivas, Esther Cuesta e Sonia Acuña.



FOTO 4: Persoas participantes no Plan Repensa II interesados no emprendemento.



FOTO 5: Luísa Rivas e Sonia Acuña durante a charla para emprendedores.

AS ALUMNAS DO CURSO DE AFD COMEZAN AS PRÁCTICAS NON LABORAIS.

O curso de Mercadotecnia e Compravenda Internacional que se ven desenvolvendo dende outubro de 2017 en APE Galicia está a piques de finalizar.

O día 30 de maio as alumnas da acción formativa para desempregados remataban o último módulo teórico do curso e preparábanse para a entrada nas empresas correspondentes para a realización das prácticas non laborais.

Se facemos un balance dende os inicios, podemos comprobar que os resultados foron favorables. O curso comezaba en outubro con un total de 15 alumnas, pero durante o transcurso deste foron 5 as alumnas que renunciaron por contratación laboral, que é o fin último destas accións formativas. Das outras dez restantes que chegaron ó final, só tres non conseguiron a acreditación en tódolos módulos, unha por superar o número de faltas de asistencias (tamén por pequenos contratos laborais) e as outras dúas por non chegar en un dos módulos máis complexos á cualificación de apto. Estas últimas solicitábons tamén que as tivésemos en conta para rematar ese módulo na nosa asociación, pois sentíronse moi cómodas tanto coa xestión como cos profesores.

As sete que conseguiron superar con éxito tódolos módulos do curso deberán despregar tódalas súas habilidades en empresas no desenvolvemento das prácticas non laborais, último módulo para poder optar ó título do certificado de profesionalidade.

As empresas ás que acudirán son grandes expertas en mercadotecnia e compravenda internacional e contan con un gran percorrido en este área. Foron O Percebeiro, S.L., Grupo Otero Freire, S.L, Frigoríficos Rosa de los Vientos, SETGA, S.L.U e Consulting de Ingeniería e Instalaciones, S.L. as empresas polas que se optaron, as cales se mostraron moi colaboradoras en todo momento.

APE Galicia invitou no último día ás alumnas a uns pinchos para agradecerlles a súa implicación e boa actitude e felicitalas polos bos resultados. Agora teremos que esperar para coñecer a experiencia das alumnas polas prácticas e facer entrega dos títulos correspondentes.

O DOG PUBLICA AS BASES QUE REXERAN AS AXUDAS PARA AMPLIAR A REDUCCIÓN DAS COTAS DA SEGURIDADE SOCIAL PARA A CONSOLIDACIÓN DO TRABALLO AUTÓNOMO.

Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas cales se rexerán as axudas a persoas traballadoras por conta propia ou autónomas que estean ou estivesen acollidas aos incentivos e medidas de fomento e promoción do traballo autónomo do parágrafo primeiro do artigo 31.1 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, que establece que a cota por continxencias comúns, incluída a incapacidade temporal, das persoas traballadoras por conta propia ou autónomas que causen alta inicial ou que non estivesen en situación de alta durante un período de tempo anterior regulado no dito artigo, contados desde a data de efectos da alta, no réxime especial da Seguridade Social de traballadores por conta propia ou autónomos, se reducirá á contía de 50 euros mensuais durante o número de meses regulados no mencionado artigo, inmediatamente seguintes á data de efectos da alta, no caso de que opten por cotizar pola base mínima que lles corresponda.

As axudas só son para altas no RETA anteriores ao 1 de xaneiro de 2018 que cumpran cos requisitos regulados nesta orde.

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as persoas traballadoras que estean dadas de alta no réxime especial da Seguridade Social de traballadores por conta propia ou autónomos, que estean ou estivesen acollidos aos incentivos e medidas de fomento e promoción do traballo autónomo do parágrafo primeiro do artigo 31.1 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo. As axudas só son para altas no réxime especial de traballadores autónomos (RETA) anteriores ao 1 de xaneiro de 2018 que cumpran cos requisitos regulados na orde.

Os requisitos son os que se citan a continuación:

1. Ser, ou ter sido, beneficiarias das reducións previstas no parágrafo primeiro do artigo 31.1 da Lei 20/2007, do 11 de xullo. As axudas só son para altas no RETA anteriores ao 1 de xaneiro de 2018 que cumpran cos requisitos regulados nesta orde.

2. Empezar o período de seis (6) meses obxecto da subvención regulada nesta orde no exercicio corrente de 2018.

3. Manter as condicións que lles deron dereito a desfrutar das devanditas reducións nas cotas da Seguridade Social, durante o período obxecto da subvención.

4. Estar ao día nas obrigas tributarias coa Administración do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, así como coa Seguridade Social.

5. Realizar a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para o presente exercicio 2018, o prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día seguinte ao da publicación desta orde e rematará o 31 de xullo de 2018.

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) No suposto de actuar mediante representante, poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da persoa representada.

b) Recibos bancarios xustificativos do pagamento da cotización, correspondentes a dous (2) dos meses en que disfrutou da redución na cotización a 50 euros mensuais desde a alta inicial.

Para máis información preme no seguinte enlace: <http://www.apegalicia.es/noticias/209-axudas-para-ampliar-a-reduccion-das-cotas-da-seguridad-social-para-a-consolidacion-do-traballo-autonomo#.WxAaportbIU>

**O DIARIO OFICIAL DE GALICIA
PUBLICA ESTE MES UNHA ORDE
QUE ESTABLECE AS BASES PARA AS
AXUDAS Á CONCILIACIÓN POR
MATERNIDADE OU PATERNIDADE
DA PERSOA TRABALLADORA
AUTÓNOMA.**

Estas bases teñen por obxecto fixar os criterios e requisitos para a concesión de axudas a persoas traballadoras por conta propia ou autónomas que, unha vez finalizada a súa baixa por maternidade ou paternidade, contraten unha persoa para ampliar a súa conciliación da vida familiar e laboral.

Mediante a presente axuda permitirase que a persoa traballadora por conta propia obteña unha compensación durante dezaseis (16) semanas máis para a contratación dunha persoa, para favorecer a conciliación da súa vida persoal e laboral e facilitar a continuidade do seu proxecto empresarial.

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as persoas traballadoras que estean dadas de alta no réxime especial da Seguridade Social de persoas traballadoras por conta propia ou autónomas que, segundo o anexo I, teñan o seu centro de traballo (ou domicilio social, no caso de carecer deste) na Comunidade Autónoma de Galicia, que gozasen dunha baixa por maternidade ou paternidade e que, no prazo dos quince (15) días seguintes ao da súa finalización, contraten unha persoa traballadora por conta allea.

Tamén serán beneficiarias as sociedades que realicen unha contratación nas mesmas condicións que no parágrafo anterior con respecto aos autónomos societarios.

Son varios os requisitos que as persoas que queiran optar a este tipo de axudas deben cumprir para resultaren beneficiarios. Estes son os que se citan a continuación:

1. Para ter dereito á subvención, previamente a persoa traballadora autónoma debe ter estado de baixa por maternidade ou paternidade.

2. No prazo dos quince (15) días naturais seguintes ao da finalización da baixa por maternidade ou paternidade débese realizar un contrato de calquera modalidade.

3. Estar ao día nas obrigas tributarias coa Administración do Estado e coa Comunidade Autónoma de Galicia, así como coa Seguridade Social.

4. Realizar a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

5. Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O prazo de presentación vai dende o 16 de maio ata o 31 de Outubro do presente ano. As solicitudes de axudas polas contratacións subvencionables realizadas entre o 1 de novembro de 2017 e a data da publicación desta orde deberán presentarse no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da publicación da orde. As axudas previstas polas contratacións subvencionables realizadas desde a entrada en vigor desta orde terán o prazo dun mes desde a data da contratación subvencionada.

A solicitude deberase presentar no modelo que figura como anexo I a esta orde, xunto coa seguinte documentación:

a) No suposto de actuar mediante representante, poder suficiente de actuar en nome da persoa ou entidade solicitante.

b) Informe de vida laboral do código conta de cotización correspondente ao mes en que se realiza a contratación da persoa traballadora pola cal se solicita subvención.

c) Relación nominal de persoas traballadoras e recibo de liquidación de cotización da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, xunto co seu pagamento bancario dos meses xa pagados no momento da presentación, referente á persoa contratada obxecto da subvención.

d) Resolución da Seguridade Social en que indique o período de baixa por maternidade ou paternidade.

Para máis información preme no seguinte enlace: <http://www.apegalicia.es/noticias/208-axudas-para-a-conciliacion-por-maternidade-ou-paternidade-de-autonomos#.WxAdOortbIU>

O MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL PUXO EN MARCHA UNHA CONSULTA PÚBLICA PARA REGULAR A REPRESENTATIVIDADE DOS AUTÓNOMOS.

As asociacións de autónomos cada vez están máis preto de ter unha normativa que regule a súa representatividade estatal.

O Ministerio de Emprego e Seguridade Social lanzou unha consulta pública para regular a representatividade dos autónomos.

O principal obxectivo era sabela opinión dos traballadores e asociacións afectados por unha norma que regulará a representatividade do colectivo.

Os interesados en participar podían remitir as súas aportacións a través do portal web do ministerio no apartado “participación pública en proxectos normativos”.

Esta consulta estivo dispoñible ata o 13 de maio. A través desta elaborárase un Real Decreto que regule a representatividade das asociacións de autónomos a nivel estatal. Desta maneira preténdese cumprir coa lei aprobada no 2017 e que ten que ver con reformas urxentes.

A normativa de 2017 establece que se ten que por en marcha un Concello do Traballo Autónomo. Segundo reflexa a lei, este debía de haberse posto en marcha no prazo de seis meses dende a aprobación da lei. Para constituílo previamente había que consultar ás asociacións, os traballadores autónomos e ás organizacións sindicais e empresariais máis representativas do gremio. Prevese que o concello se constituía no mes de xullo.

A norma que saia do proceso consultivo deberá atender a criterios obxectivos de representatividade das asociacións dos traballadores autónomos.



APE GALICIA

Tlf: 986891657

Móvil: 697.195.540

E-mail:

info@apegalicia.es

**Praza España Nº1 Andar
1º Esq. Oficina 1 - 36002
Pontevedra**

